Nalgúns aspectos da área, fundamentalmente naquelas que perseguen as habilidades de comunicación entre iguais e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o traballo en

grupo colaborativo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmellorable para adestrar a competencia comunicativa.

Desde o coñecemento da diversidade da aula e en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no alumnado, o desenvolvemento de actividades desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todo o alumnado poida chegar a comprender os contidos que pretendemos que se adquiran para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Lingua Galega e Literatura é indispensable a vinculación a contextos reais e a aplicación dos conceptos máis abstractos para mellorar o desenvolvemento lingüístico do alumnado. Para iso, as tarefas competenciais propostas facilitarán este aspecto e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e próximas.

Consideramos que o proceso de ensino debe estar dirixido non tanto á transmisión de coñecementos como ao desenvolvemento por parte do alumnado de habilidades e estratexias de planificación da propia actividade de aprendizaxe. Por iso, integramos na práctica da aula tanto procedementos, conceptos e actitudes como o traballo das capacidades básicas (escoitar, falar, ler e escribir) así como todos os bloques de contidos presentes no currículo.

A actividade construtiva do alumnado é factor decisivo na realización da aprendizaxe. É o alumnado quen modifica e reelabora os seus esquemas de coñecemento, construindo a súa propia aprendizaxe. En todo caso, tentarase que cada alumno sexa protagonista dentro da aula, e non un mero receptor da información. Por iso fomentaranse e valoraranse as súas iniciativas á hora de propoñer actividades e desenvolverlas participativamente, de crear os seus propios textos a partir de modelos propostos ou de expresar e confrontar as súas opinións

críticas sobre os distintos asuntos tratados.

A metodoloxía estará sempre en función do desenvolvemento das competencias básicas, incidindo de maneira particular naquelas que se encontran máis presentes nesta materia, basicamente a competencia en comunicación lingüística, mais tamén as competencias para Aprender a Aprender, Sentido de iniciativa e espírito emprendedor, Social e Cívica e Competencia Dixital; tendo en conta sempre que tanto o proceso de aprendizaxe como o de adquisición de competencias progresa en espiral, e isto significa que a adquisición de novas habilidades debe ir parella ao mantemento e á activación da dos cursos anteriores, pois sobre ela se asenta. Neste proceso o profesorado actuará como guía e mediador para facilitar a construción desa aprendizaxe.

Noutra orde de cousas, é importante entender que a profunda transformación que nos últimos anos se vén experimentando na sociedade no campo da adquisición e procesamento da información, obriga a adaptar as metodoloxías e estratexias didácticas no ensino. O alumnado, en particular, máis familiarizado coas novas linguaxes comunicativas, manifesta unha receptividade moito máis grande á adquisición de contidos a través dos novos soportes informáticos. Os roles tradicionais do profesorado que diserta sobre os contidos expostos no libro de texto e do alumnado que escoita pasivo teñen cada vez menor efectividade, e por iso intentaremos avanzar na liña anteriormente citada.

Así pois, o noso enfoque metodolóxico está fundamentado nos seguintes puntos:

- Principio de actividade, onde o alumnado, mediante a súa actuación, será o eixe principal do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Principio de intuición, que xorde coma unha necesidade imperiosa de dotar dun apoio multisensorial o proceso de ensino-aprendizaxe mediante o emprego visual, auditivo ou a

combinación dos dous, é dicir, o emprego audiovisual.

- Os principios de individualización e socialización, estreitamente ligados, xa que se por unha banda se pretende que cada alumno se desenvolva individualmente, tamén é importante o progreso social de cada un deles. Neste proceso de socialización, que será progresivo, prestaremos moita atención ao traballo de grupo para realizar distintas actividades.

A metodoloxía empregada non dá respostas senón que propón cuestións por resolver ou descubrir, e será o propio alumnado, guiado polo profesorado, o que ha de atopalas, elaborar a información e ser quen de explicarllela aos demais. Na aula disporase de dicionarios, material bibliográfico e acceso a Internet e pizarra dixital; tamén se accederá á aula de informática cando os horarios así o permitan, de tal xeito que o alumnado sexa quen de buscar respostas por si mesmo. Procuraremos ademais que a vida real estea moi presente, dedicándolle sempre un tempo ás noticias de actualidade, das que o alumnado debe vir informado se así se lle indica. Esta práctica continuada ao longo do curso irá creando un hábito que permanecerá no futuro, pois a sociedade actual, na que se insire o noso alumnado, require das súas cidadás e dos seus cidadáns a capacidade de enfrontarse a unha gran cantidade de información. Por este motivo o seu tratamento é un dos obxectivos do sistema educativo. Este reto concrétase na necesidade de integrar o manexo de diversos soportes e fontes, utilizando tanto medios audiovisuais coma informáticos, enfrontando o alumnado coa tarefa de busca, selección, análise e interpretación da información, así como no desenvolvemento da capacidade crítica con respecto a ela. A biblioteca do centro móstrase así como un recurso cun alto valor dentro da comunidade educativa que deberemos ter en conta á hora de programar as nosas actividades docentes. Débese ter en conta igualmente a necesidade de traballar coas catro destrezas básicas

dun xeito integrado, ben que é aconsellable nesta etapa darlles prioridade a aquelas que se detecten como as máis deficitarias dependendo do contexto. As materias lingüísticas, en xeral, contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe do currículo xa que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relacións sociais e para a expresión emocional.

Neste sentido, para desenvolver o currículo da materia de Lingua galega e Literatura, propóñense as seguintes orientacións metodolóxicas:

- Adoptar un enfoque comunicativo no ensino e aprendizaxe da lingua, que faga do texto a unidade comunicativa fundamental e que favoreza o emprego do idioma en distintas funcións e contextos de uso. Por tanto, as habilidades e estratexias lingüísticas deben ser obxecto de especial atención sen por iso rexeitar a reflexión e o coñecemento do código lingüístico.
- Proporcionar e traballar con textos de distinta natureza, especialmente expositivos e argumentativos.
- Promover a utilización dunha diversidade de fontes e recursos para a obtención da información. A busca guiada desta tanto na biblioteca coma na Internet ou noutros medios, así como a composición de textos utilizando distintos soportes.
- Propiciar non só actividades individuais senón tamén grupais, que favorezan o intercambio respectuoso de ideas, o discurso argumentativo e o espírito crítico e cooperativo.
- Realizar a lectura, interpretación e valoración de obras literarias.
- Crear dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas actividades.
- Ofrecer actividades abertas que impliquen a busca, selección e tratamento da información, a posibilidade de tomar decisións e

emitir opinións sobre diferentes cuestións de forma crítica e respectuosa.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Lingua galega e literatura 2º ESO (Edicións Xerais de Galicia)
Aula virtual do centro IES Os Rosais 2
Dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes
Fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais.
Mapas xeográficos, lingüísticos e dialectais.
Os libros dixitais.
Proxección de vídeos de carácter didáctico sobre diversos elementos curriculares

Tratamento do fomento da lectura

Entendemos que a lectura é un dos instrumentos fundamentais na adquisición das competencias básicas, ademais de constituír un dos obxectivos da materia de Lingua e Literatura (“Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo”). Por este motivo, cremos que a lectura, tanto na súa dimensión informativo-formativa como na súa dimensión lúdica e de desenvolvemento do gusto literario, debe ocupar un lugar privilexiado nas clases de Lingua e Literatura. Por esta razón, na nosa programación non só pensamos nas obras de lectura obrigatoria para cada curso que serían obxecto de avaliación, senón que valoramos tamén unha selección de obras da nosa literatura e da literatura universal de referencia, adaptada aos gustos e adecuadas ao nivel do noso alumnado para que este poida realizar lecturas voluntarias que incrementarán a súa cualificación.

Cremos que o profesorado debe tamén ler en clase textos, en especial poemas, para fomentar o gusto pola lectura dos mesmos e servir de modelo lector para aquel alumnado con dificultades de entoación, puntuación, expresividade, dramatización e mesmo comprensión.

A animación á lectura é tamén obxecto de especial atención no deseño da planificación das actividades complementarias e extraescolares. Tentaremos realizar encontros e coloquios con escritores, especialmente se a súa obra se lle ofrece ao alumnado. Tamén é posible a proxeccións de películas ou vídeos relacionados ben cun libro de lectura, ben coa figura dalgún escritor ou escritora, tal e como se viña facendo ata o de agora. Non obstante, tentaremos contactar con algún dos autores das obras de lectura deste curso para realizar actividades presenciais e, de non ser así, telemáticas co alumnado.

Ademais do programa lector, que establece 1 hora semanal de adicación á lectura na aula, como norma xeral, proporase a lectura de tres obras literarias por curso, unha por trimestre, escollidas polo profesorado de entre unha relación inicial, dependendo das lecturas realizadas con anterioridade polo alumnado.

As lecturas obrigatorias para este curso son as que a continuación se relacionan:

Costas, L. : O corazón de Xúpiter. Vigo. Xerais
Negro, C. : Penúltimas tendencias. Vigo. Xerais.
Reimóndez, María. Fóra do normal. Vigo. Xerais.

Con respecto á orde de lectura por avaliacións dos libros anteriormente citados, o profesorado fará diferentes quendas, para que os grupos poidan ter acceso á biblioteca do centro, de esta poder estar en funcionamento, e non se vexa colapsada nos préstamos. Isto quere dicir que un grupo lerá unha obra que non coincidirá coa que lean o resto dos grupos. Mais ao final o resultado será que os tres grupos farán a lectura das tres obras indicadas ao longo do curso.

Dado que aínda están a chegar novidades o profesorado quere telas en conta, ao tempo que se vai valorando o nivel lector do grupo. A medida que se vaian tomando decisións a este respecto, no sentido dalgún cambio que afecte ás lecturas, farase constar nas actas de Departamento e mais na memoria de final de curso.

Outros materiais e recursos

En canto á utilización doutros materiais e recursos, o feito de que se traballe fundamentalmente cos manuais anteriormente citados non é óbice para que o profesorado empregue outros libros de exercicios ou de lectura para completar coñecementos e facilitar a consecución de obxectivos no alumnado. Polo tanto, ademais dos libros de texto como manuais de referencia, e seguindo a metodoloxía exposta, manexaranse outros libros de consulta, dicionarios de lingua, de topónimos e de nomes

galegos, libros de lectura e antoloxías literarias, e mesmo material preparado polo propio departamento. Tamén se consultarán xornais, revistas e outros medios de comunicación de masas e Internet para acceder a páxinas webs e blogs que presenten materiais pedagóxicos diversos sobre esta materia. O alumnado usará fichas e ficheiros, vídeos, gravacións do departamento ou do propio alumnado, e, en xeral, cremos que debemos darlles uso aos propios materiais elaborados polo alumnado (escritos, gravacións, murais, etc.).

Ademais, farase uso dos CD incluídos no material co que conta o alumnado no libro de texto, en soporte dixital

A continuación figuran algúns dos recursos e materiais que se empregarán, sempre adecuándoos ao curso de 2º ESO.

Por outra banda, confeccionouse tamén unha selección de obras da nosa literatura, adaptada aos gustos e adecuadas ao nivel do noso alumnado, para que este poida realizar lecturas voluntarias que incrementarán a súa cualificación. Potenciarase así, tamén, a utilización da biblioteca do centro e da biblioteca de aula, caso de poder poñelas en funcionamento.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe farase en dous momentos:

Ao comezo do curso, na avaliación inicial, co fin de establecermos o punto de partida e de detectar o alumnado con necesidades educativas especiais e posibles propostas de reforzos educativos ou adaptacións curriculares, realizaranse unhas probas que non se cualifican, pero que si serán de grande aporte para detectar problemas significativos no alumnado.

Estas probas de exploración inicial versarán sobre diferentes cuestións:

- Lectura: Para comprobar velocidade lectora, entoación, fluidez, respecto ás normas de puntuación e actitude ante a lectura.

- Comprensión e expresión escritas: Sobre un texto, o alumnado deberá contestar unhas preguntas sobre vocabulario e comprensión do texto. Deberá tamén realizar unha breve composición para valorar a expresión escrita.

- Comprensión e expresión oral: Lectura dun texto informativo por parte do profesorado e resposta, por parte do alumnado, a un cuestionario sobre o texto para valorar comprensión oral, atención e concentración.
 - Contidos: Inclúe cuestións sobre sociolingüística, actitudes lingüísticas, literatura e a propia lingua (acentuación, clases de palabras, localización de suxeito e predicado...)
- Estas probas serán utilizadas, xunto coas que puidera realizar o Departamento de Orientación, para detectar problemas e procurar axudar o antes posible ao alumnado con necesidades de reforzo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	33	24	40	18	25	24	22	45	34	41
Táboa de indicadores	67	76	60	82	75	76	78	55	66	59

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	31
Táboa de indicadores	69

Criterios de cualificación:

A. Probas escritas: No cómputo da nota, estas probas supoñen un 60%. En cada avaliación realizarase como mínimo dúas probas escritas correspondente aos contidos gramaticais, de lingua e sociedade, educación literaria e de comprensión e expresión escrita (resumos de textos, elaboración de breves composicións...). Nelas, o alumnado deberá demostrar os coñecementos adquiridos. A carga que teña cada unha das probas fixarase no seu momento, pois pode ocorrer que a carga de contidos non sexa idéntica en todas as probas. Tamén o profesorado informará da cualificación mínima necesaria nas probas para que estas poidan compensar unhas coas outras. En cada unha destas probas escritas terase en conta a presentación,

a caligrafía, ortografía, o vocabulario, coherencia, cohesión e adecuación do escrito, que pode rebaixar nota ata un máximo de 1 punto penalizando con 0,10 as faltas ortográficas máis salientables en palabras de uso cotián.

B. Libro de lectura: No cómputo da nota, estas probas supoñen un 10%. En cada avaliación haberá unha proba, escrita, correspondente ao libro de lectura obrigatoria proposto polo Departamento. Nesta, o alumnado deberá demostrar que a lectura completa foi realizada.

Por outra banda, cabe a posibilidade de que durante o curso o alumnado se realicen lecturas voluntarias a indicación do profesorado. O prazo para informar da vontade de realizar estas lecturas voluntarias rematará ao finalizar o mes de abril. O control destas lecturas farase oralmente ou por escrito, e nunca puntuará negativamente aínda que o resultado sexa insatisfactorio. Esta actividade só se destinará a aquel alumnado que cumpra dúas condicións: a primeira, que os libros obrigatorios das avaliacións estean aprobados; a segunda, que a 3ª avaliación estea superada cun mínimo de 5. Non todas as obras de lectura puntuarán do mesmo xeito; a valoración indicaraa o profesorado, tendo en conta o volume e necesidade de traballo que a obra avaliada teña. Polas lecturas voluntarias realizadas na avaliación outorgarase ata un máximo de 1 punto que se sumará á nota final do curso ordinario.

C. Oralidade: No cómputo da nota, estas probas supoñen un 15%. Avaliarase o dominio da lingua e a corrección na expresión oral, de conformidade ao que se esixe en cada curso a través de exposicións, debates, entrevistas co profesorado e participación na clase. O non emprego do galego na aula, tanto na relación co profesorado coma cos compañeiros, será valorado negativamente e polo tanto non se obterá dita puntuación. Esta circunstancia podería unicamente non acontecer co alumnado con dificultades extremas, tras valoración conxunta co Departamento de

Orientación.

D. Actitude: No cómputo da nota, a actitude conta ata un 15% En cada trimestre o alumnado deberá presentar os traballos de redacción, composición, investigación... que suxira o profesorado. Ademais, valorarase a participación na aula, o traballo diario, a atención durante as explicacións, a orde e coidado na toma de apuntamentos e presentación do caderno e a realización dos exercicios que se vaian propoñendo. Considerarase tamén neste apartado o traballo persoal, individual ou en grupo, e a presentación das actividades obrigadas e voluntarias; as preguntas na clase sobre os contidos, exposicións orais, comentarios de texto críticos e literarios e mais os traballos de investigación. o respecto polo traballo propio e dos demais, a concentración, as actitudes lingüísticas, a superación de prexuízos e o interese mostrado nas actividades formarán parte tamén deste criterio.

Polo tanto, a nota final de cada avaliación é continua e composta de cualificación cotiá, incluída a actitude ante a materia, emprego oral da lingua, traballos realizados e entregados, lectura de obras obrigatorias e voluntarias e mais realización de probas escritas. Por iso, todo o alumnado debe participar nas probas e actividades que o profesorado indique por ter a consideración de actividades ou probas oficiais de avaliación. Se nalgunha proba realizada se comprobase que se empregan medios fraudulentos (copia de escritos, uso de apuntamentos ou libro, medios técnicos diversos...) para superala, a proba na que se copiou resultaría coa cualificación de 0 puntos no cómputo da avaliación.

A cualificación de cada avaliación trimestral dependerá das obtidas nas diversas observacións e probas realizadas. Cando se obteña, tras o exame de todas as observacións realizadas no trimestre, unha cualificación igual ou superior a 5 considerarase aprobado, e se a nota é inferior a 5 considerarase suspenso. Para o “redondeo” da cualificación da avaliación seguirase o seguinte

procedemento: Se as décimas acumuladas ao número enteiro son de 0´25, a nota aproximarase ao número enteiro inferior (é dicir, 5´25 resultaría en 5). Se as décimas acumuladas ao número enteiro son de 0´75, a nota aproximarase ao número enteiro superior (é dicir, 5´75 resultaría en 6). Se as décimas acumuladas ao número enteiro son de 0´5, a nota pode aproximarase ao número enteiro inferior ou superior, pois terase en conta se se presentaron todos os traballos, exposicións e exercicios; se todas as probas da avaliación están superadas (incluído libro de lectura ou oralidade); se houbo participación nas actividades da aula e se se mantivo en todo momento unha actitude positiva cara á materia. De ser esta a situación, o redondeo sería á alza (é dicir, 5´5 resultaría en 6). De non ser así, a cualificación aproximaríase ao número enteiro inferior (é dicir, 5´5 resultaría en 5).

O alumnado que non se presente a algunha proba e non alegue causa xustificada (redacción das NOFC no seu punto 5.2 Asistencia xeral (“As ausencias a exames ordinarios por enfermidade ou causa similar serán xustificadas no momento de reincorporación, presentando certificación médica ou documento de entidade suficiente para a súa validación”) non poderá realizar a proba fóra do horario que fora establecido para o resto do alumnado, e polo tanto constará no boletín a nota que leve acumulada durante a avaliación, tendo en conta que a nota da proba non realizada terá a cualificación de 0 e cualificará xunto coas demais realizadas. No caso de que a media fose a suficiente como para alcanzar un 5, en ningún caso constará no boletín máis de un 4, deixando así claro que a avaliación non está superada pola non realización de todas as probas. Queda á consideración do profesorado decidir se o contido da proba non realizada formará parte doutra; ou dependendo das circunstancias do alumnado pode decidir tamén que lle realiza esa proba fóra do horario.

En canto á nota da 3ª avaliación, esta será o resultado do traballo

progresivo do alumnado e de que acade os mínimos esixibles na materia. Se esta nota final é igual ou superior a 5, considerarase aprobado; de non ser así, considerarase que a materia non ten unha cualificación positiva. Estas cualificación resultantes do último trimestre consignaranse na sesión da avaliación final, coincidente no tempo coa 3ª avaliación parcial. Polo tanto, a cualificación definitiva da materia farase efectiva na avaliación final de curso.

Crterios de recuperación:

A avaliación da materia é continua e non se prevé a posibilidade da realización de probas de recuperación; polo tanto, os contidos engádense, nunca se eliminan, ata a 3ª avaliación, esta incluída. Débese diferenciar entre os contidos de lingua e sociolingüística, que sempre son sumativos, e os doutro tipo, como por exemplo os pertencentes ao bloque de literatura. Neste último caso o profesorado indicará cales son os contidos mínimos que entrarán na avaliación seguinte á realizad

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado de 2º de ESO debe obter un mínimo de 5 na cualificación final do mes de xuño. De non ser así, entenderase que a materia non se superou e deberá realizar os procedementos necesarios para que esta materia se supere ao longo do curso de 3º de ESO.

Tendo en conta que o traballo na aula soe iniciarse revisando as aprendizaxes adquiridas durante o pasado curso, e tendendo a completar os contidos que se puideran impartir con menor detalle, parece aconsellable ligar a recuperación da materia pendente ao progreso do alumnado no curso no que está matriculado. Neste sentido, o profesorado do nivel de referencia será o encargado de vixiar este proceso, orientalo e informar ao departamento dos resultados para que se teñan en conta na avaliación. Polo tanto, para o alumnado da ESO parece oportuno proporcionar dúas vías para conseguir o aprobado na materia pendente que deben recuperar:

1. Mediante a avaliación continua, tendo en conta o seu traballo na aula e nas cualificacións durante o primeiro e segundo trimestres do curso. Neste caso, a nota máxima sería a de 5.

2. Mediante un exame final no mes de maio, proba, e que constaría dos contidos teóricos e prácticos que forman parte do curso pendente. Dita proba estará puntuada sobre 10. O profesorado que imparte a materia na aula na que o alumnado cursa o actual curso académico será quen atenderá as dúbidas do alumnado pendente e fará un seguimento deste; ademais, corraxirá as probas escritas e as actividades se é o caso, tendo en conta que as proba serán únicas e idénticas para todo o alumnado do mesmo nivel.

O material necesario para a preparación dos contidos serán os libros de texto empregados o pasado curso.

Polo tanto, o método de recuperación da materia pendente queda como segue:

En 3º ESO, o alumnado debe aprobar a 1ª e 2ª avaliacións, ou polo menos a 2ª, para que se considere que a materia pendente de 2º de ESO está superada. Se opta por esta vía, a súa nota non será superior a 5. De non lograr o aprobado, presentarase á proba ordinaria final de maio, antes matizada (e que constaría duns contidos tanto de lingua como de sociolingüística e literatura).

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria, e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e a titulación correspondente. O estudantado de Educación Secundaria é moi diverso, e afronta a súa experiencia escolar de

moi distintas maneiras. Procede de contextos socioculturais dispares, ten aptitudes cognitivas moi diversas e mostra unha maior ou menor disposición cara á aprendizaxe. Como resultado, as súas necesidades persoais e educativas son, no seu conxunto, distintas. Haberá que realizar as adaptacións necesarias para atender a diversidade do alumnado, tendo sempre en conta que as diferenzas que hai entre eles impiden conseguir obxectivos idénticos. Deberemos incidir nos progresos individuais realizados polo alumnado en relación consigo mesmo e non só en relación coa medida do grupo. Intentarase daquela un seguimento o máis individualizado posible que teña en conta os avances realizados por cada persoa a partir da súa situación inicial e tendo en conta sempre as súas limitacións ou condicionamentos particulares, tanto a nivel individual como do contexto familiar e social no que se encontra.

Atenderase, pois, á diversidade do complexo panorama que presenta o alumnado deste novo curso, para conseguir mellorar os seus resultados académicos, o cal require a adopción de medidas de carácter pedagóxico e curricular de diferente tipo.

Á hora de establecer as medidas de atención á diversidade e inclusión habemos de recompilar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas, e isto farase tras a descrición do grupo despois da avaliación inicial; como mínimo, debe coñecerse a información relativa a:

Número de alumnas e alumnos.

Funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).

As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares. As necesidades que se puidesen identificar; cómpre pensar nesta fase en como tales necesidades se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).

As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.

Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.

Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar o alumnado para os traballos cooperativos. Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos

individuais do noso estudiantado. A partir dela poderemos:

- Identificar o alumnado que necesita un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe (débesse ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que se han adoptar (planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que se van adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos deste estudiantado.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, coa persoa responsable da titoría.

No presente curso, no referente ás materias impartidas por este Departamento, non contamos con horas de impartición directa de Atención a Necesidades educativas especiais (NEAE). Como resultado das avaliacións iniciais, pode ser que se detecte alumnado con este tipo de necesidades e polo tanto deba contemplarse na aula, de xeito que se lle preste unha atención máis individualizada

e se incida de maneira especial en aspectos esenciais das competencias básicas en comunicación lingüística, facilitando o seu progreso á par do alumnado que non presenta carencias educativas. As propostas que sexan necesarias, pois, terán como obxectivo contribuír á complexa tarefa docente que supón axustar o ensino ás características do estudantado aos que vai destinado.

Enténdese que o xeito de orientar este alumnado será sempre baixo a dirección do Departamento de Orientación do centro. Nestas NEAE individualizadas, abórdase o currículo partindo dun punto de vista de contidos mínimos, tendo en conta a situación intelectual e académica do alumnado, os cursos anteriores e o currículo do nivel que deberá cursar o ano seguinte. Dado que partimos dunha materia de lingua, parece obvio que o alumnado de NEAE recibirá do docente a profundización nos rudimentos de lecto-escritura e comprensión textual, de organización sistemática de contidos, e a axuda necesaria para ir superando aquelas carencias que presenten. O obxectivo final será sempre o de conseguir que o alumnado con este tipo de reforzo poida chegar a integrarse plenamente no curso de referencia.

En canto ás Adaptacións curriculares, no momento de redacción desta programación didáctica, están en proceso de realización as avaliacións diagnósticas para preparar as adaptacións no caso de atencións educativas especiais, ben en relación coa programación ou simplemente coa metodoloxía empregada co alumnado que así o precise. Estamos pendentes das reunións co Departamento de

Orientación, e polo de agora informóusenos desde Xefatura de estudos de que impartiremos desde o departamento 3 horas nun agrupamento de 2º de ESO. Este agrupamento fórmase ao abeiro da ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Os agrupamentos flexibles, ou grupos flexibles, consisten en agrupamentos temporais de alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe en determinadas áreas ou materias, nas que necesita unha atención máis individualizada, e ao que a oferta de medidas ordinarias de atención á diversidade non lle abonda para seguir con éxito os procesos de ensino e de aprendizaxe. O alumnado derivado a un grupo flexible pertencerá, para todos os efectos, a un mesmo nivel educativo, e manterase a necesaria coordinación entre o profesorado do grupo ordinario e o do agrupamento flexible. Esta medida ten un carácter reversible, xa que a súa finalidade é a pronta incorporación do alumnado ao seu grupo ordinario.

Dada a premura de envío nesta programación, enviaranse, se se demandan, os cambios na programación e adaptacións programáticas e metodolóxicas que se acorden, dado a imposibilidade do envío nesta, por unha mera cuestión temporal. O referente da nosa adaptación curricular serán os obxectivos xerais de etapa, que

poderán pertencer, se é o caso, a outro nivel distinto do que curse o alumnado obxecto de atención específica. Para a avaliación, terán que terse en conta os datos persoais do alumno relativos á saúde, os datos picosociais máis relevantes e os da contorna sociofamiliar, así como os pedagóxicos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Prevención contra violencia de xénero	X					X		
ET.2 - Igualdade efectiva entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Igualdade de trato e non discriminación	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Resolución pacífica de conflitos		X			X		X	
ET.5 - Liberdade, xustiza, pluralismo político, democracia, respecto aos dereitos humanos		X					X	

	UD 9	UD 10
ET.1 - Prevención contra violencia de xénero		
ET.2 - Igualdade efectiva entre homes e mulleres	X	X
ET.3 - Igualdade de trato e non discriminación	X	X
ET.4 - Resolución pacífica de conflitos	X	
ET.5 - Liberdade, xustiza, pluralismo político, democracia, respecto aos dereitos humanos		X

Observacións:

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario das vías respecte as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Ademais dos contidos específicos da materia de Lingua Galega e Literatura, o noso Departamento contribuirá á formación integral do alumnado mediante lecturas e actividades que desenvolvan aspectos transversais fundamentais para a aprendizaxe en valores esenciais: o respecto, a colaboración, a tolerancia, o diálogo... para procurar resolver as discrepancias de relación interpersoais e así conseguir o desenvolvemento da competencia social do alumnado, contribuíndo así co Plan de Convivencia, pois entendemos que é responsabilidade de todos os membros da comunidade educativa procurar o logro dun clima apracible no Centro, pois este favorece a tarefa de ensinar e de aprender.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Entroido	redacción das distintas tradicións e posterior exposición na entrada do centro		X	
Entroido	- Entroido: busca de información dos personaxes propios desta celebración		X	
Día da Muller	Traballos sobre mulleres pioneiras e exposición de Mulleres Galegas na Ciencia,		X	
Exposición ¿Eu tamén escribo	exposición de creacións propias elaboradas polo alumnado			X
exposición ¿Non se ha de perder??	Recolleita de vocábulos por parte do alumnado			X
Exposición "Lingua de amor"	exposición no mes de febreiro co motivo de San Valentín, creando poemas de amor		X	
Exposición Rosalía de Castro	organizada en colaboración co departamento de Plástica arredor da figura da autora con motivo do aniversario do seu nacemento no mes de febreiro.		X	

Observacións:

O noso departamento reúnese habitualmente a principio de curso para deseñar, en liñas xerais, o programa de actividades complementarias e extraescolares. É un programa necesariamente aberto porque, en parte, vén determinado polas propostas que nos chegan con regularidade ao longo do curso de institucións ou entidades de carácter educativo e cultural, directamente ao Departamento ou a través da Vicedirección do Instituto. Na memoria de final de curso recóllese a relación pormenorizada das actividades realizadas. Algunhas das actividades que se poderían levar a cabo son as seguintes:

- A lectura é o estímulo para a escrita creativa do alumnado, animándoo a participar nos Concursos Literarios de diferentes modalidades que se convocan ao longo do curso, e neste sentido débese destacar a participación no concurso literario Minerva mais no María Soliño, no que levamos obtido logros relevantes.
- A exposición "Marca unha páxina no teu libro " (exposición de marcapáxinas), coincidindo coa celebración da Semana das Letras Galegas.
- As exposicións de material biobibliográfico divulgativo no mes de maio con motivo da Semana das Letras Galegas que xiran arredor da figura homenaxeada.
- Realización de eslógans que se reparten polas escaleiras do instituto co gallo do 25N
- Escrita de poemas polo Día da poesía, tratando diferentes temas e realización de pancartas poéticas e exposición das mesmas nos corredores do instituto
- Busca de títulos de libros en galego para compoñer un menú literario con motivo da celebración do Día do Libro

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A planificación da programación didáctica adecúase á duración do curso académico.
Metodoloxía empregada
A metodoloxía empregada na materia favoreceu a promoción da lectura e o uso das TIC.
Medidas de atención á diversidade
Tívoise en conta a atención á diversidade na elaboración da presente PD.

Descrición:

Neste apartado preténdese promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que nos permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade, en relación cos resultados académicos.

- Temporalización das unidades didácticas
- Desenvolvemento dos obxectivos didácticos
- Manexo dos contidos da unidade
- Descritores e desempeños competenciais
- Realización de tarefas
- Estratexias metodolóxicas seleccionadas

- Recursos
- Claridade nos criterios de avaliación
- Uso de diversas ferramentas de avaliación
- Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe
- Atención á diversidade
- Interdisciplinariade

O proceso de avaliación da propia programación servirá para constatar o nivel de éxito á hora de acadar os obxectivos propostos. Será continuo e aberto e será esencial no proceso de autocorrección dunha programación que é susceptible de ser modificada a partir da experiencia real das aulas, o que redundará no seu valor formativo. Analizará as deficiencias e logros en todo o proceso de ensino-aprendizaxe e aportará instrumentos útiles para a mellora da dinámica educativa en todos os seus aspectos.

Polo tanto, tratarase de verificar se o dispositivo pedagóxico empregado é adecuado e cales son os aspectos en que se poderían presentar maiores conflitos: no nivel de profundidade dos contidos expostos en cada nivel educativo, na idoneidade da secuenciación dos mesmos, no nivel de complexidade dos mecanismos empregados no proceso de ensinanza-aprendizaxe, na efectividade das actividades e lecturas propostas, na idoneidade dos materiais curriculares empregados, etc. A través das reunións de departamento, iranse analizando estas cuestións e realizaranse as modificacións puntuais que se consideren oportunas, neste mesmo curso sempre que fose posible, ou tomarase nota delas para reformalas de cara a próximos cursos. Ditas melloras plasmaranse nas propostas destinadas a tal fin na memoria de xuño realizada polo departamento, e tomarase boa nota delas á hora de realizar un novo programa.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Neste apartado preténdese promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que nos permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade, en relación cos resultados académicos.

- ¿ Temporalización das unidades didácticas
- ¿ Desenvolvemento dos obxectivos didácticos
- ¿ Manexo dos contidos da unidade
- ¿ Descritores e desempeños competenciais
- ¿ Realización de tarefas
- ¿ Estratexias metodolóxicas seleccionadas
- ¿ Recursos
- ¿ Claridade nos criterios de avaliación
- ¿ Uso de diversas ferramentas de avaliación
- ¿ Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe
- ¿ Atención á diversidade
- ¿ Interdisciplinariade

O proceso de avaliación da propia programación servirá para constatar o nivel de éxito á hora de acadar os obxectivos propostos. Será continuo e aberto e será esencial no proceso de autocorrección dunha programación que é susceptible de ser modificada a partir da experiencia real das aulas, o que redundará no seu valor formativo. Analizará as deficiencias e logros en todo o proceso de ensino-aprendizaxe e aportará instrumentos útiles para a mellora da dinámica educativa en todos os seus aspectos.

Polo tanto, tratarase de verificar se o dispositivo pedagóxico empregado é adecuado e cales son os aspectos en que se poderían presentar maiores conflitos: no nivel de profundidade dos contidos expostos en cada nivel educativo, na idoneidade da secuenciación dos mesmos, no nivel de complexidade dos mecanismos empregados no proceso de ensinanza-aprendizaxe, na efectividade das actividades e lecturas propostas, na idoneidade dos materiais curriculares empregados, etc.

A través das reunións de departamento, iranse analizando estas cuestións e realizaranse as modificacións puntuais que se consideren oportunas, neste mesmo curso sempre que fose posible, ou tomarase nota delas para reformalas de cara a próximos cursos. Ditas melloras plasmaranse nas propostas destinadas a tal fin na memoria de xuño realizada polo departamento, e tomarase boa nota delas á hora de realizar un novo programa.

9. Outros apartados